

DISCURSO DE AGRADECIMENTO NA ENTREGA DA MEDALLAS DE HONRA DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Universitat de Barcelona

Presidenta, autoridades, amigas,

Dolores Vilavedra, que alcanas onda min desde o principio dos tempos, e Xoán González-Millán, aló onde esteas: hai trinta anos saíu o primeiro número *Anuario de Estudos Literarios Galegos*.¹ E por aí comezou todo.

De Barcelona a Compostela veño para recibir e agradecer a honra que me fai o Consello da Cultura Galega coa entrega dunha medalla moi prezada. Prezada porque é maquíá escollida e porque a outorga unha institución que sacha e arrenda na cultura galega como agra aberta.

Recíboa como unha máis da tribo galega ciscada polo mundo adiante, e como honra que lle facedes ao equipo de Estudos Galegos e Portugueses da Universidade de Barcelona,² e a cantas persoas desde aí fixeron súa a cultura e a lingua galegas. Basilio Losada,³ o noso querido Basilio, cando soubo a nova, telefonou de seguida para compartir a súa alegría. Volveu chamar hoxe. Son dúas das chamadas máis emocionantes que recibín nos últimos tempos. Pronunciou unhas palabras que repito e fago miñas: “Este é un recoñecemento a tanto labor que levamos feito, desde hai anos. Benvido sexa”.

¹ O *Anuario de Estudos Literarios Galegos* publicouse entre 1992 ata 2007, baixo a codirección de Xoán González-Millán (deica o seu falecemento en 2002) e Dolores Vilavedra. A partir de 2003 pasou a chamarse *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*.

² O persoal docente e investigador de Estudos Galegos e Portugueses no momento da redacción do discurso é: Elena Losada, Pere Comellas, Helena González, M. Xesús Lama, Isabel Soler, Camilo Fernández, Antón Blanco (lector de galego) e Ánxela Lema (posdoutoral visitante).

³ Basilio Losada Castro foi o primeiro profesor de Estudos Galegos na Universidade de Barcelona. O seu inxente labor como ponte cultural entre Galicia e Cataluña pode seguirse no volume de homenaxe *Ensinar a pensar con liberdade e risco* (2000), coeditado por Isabel de Riquer, Elena Losada e Helena González, e no epistolario cruzado con Ramón Piñeiro, *Do sentimento á conciencia de Galicia* (2009), coeditado por M. Xesús Lama e Helena González.

Algo levamos feito, si, desde a Universidade de Barcelona, co apoio do Lectorado de Galego. Cursos para alumnado universitario e cursos abertos de lingua galega, o proxecto Galauda para ensinar cultura galega na educación secundaria de Cataluña,⁴ o Canal Estudos Galegos en Vieiros, o congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos de 2003,⁵ o Taller de Tradución do galego e o portugués ao catalán,⁶ o ciclo “No només Rosalía de Castro” de conferencias e seminarios, a revista científica *Abriu: estudos de textualidade do Brasil, Galicia e Portugal*,⁷ a colección de *plaquettes* de tradución Letras Galegas...⁸ E aínda, hai agora vinte anos, fomos precursoras das Letras Galegas de Florencio Delgado Gurriarán: na Galería Sargadelos fixemos as primeiras xornadas de estudo e lectura pública. A universidade acollía así a proposta de Anxo Baranga, a quen un libro lle presentou un seu veciño de Córrego que non coñecía porque estaba no exilio.⁹ Agora que o penso, Chus Lama, visto o éxito, haberá que ir pensando en pular por algunha escritora para vindeiras Letras Galegas, pareceche? Claro que sería ben que a Academia non nos fixera agardar vinte anos.

Diría que os labores e os días nos centros de estudos galegos ciscados polo mundo han ser máis ou menos por un igual. Se cadra en Barcelona algo máis

⁴ O proxecto educativo intercultural Galauda ideouno e dirixiuno Sabela Labraña Barrero desde 1999 deica o seu falecemento, en 2015. O proxecto segue en activo, coa participación, sobre todo, de graduados en Filoloxía Galega ou Estudos Galegos pola Universidade de Barcelona: Eduard del Castillo, Mónica Fernández e Max Pàrraga.

⁵ As actas do congreso recolléronse no libro con CD-ROM *Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da península*, coeditado por Helena González e M. Xesús Lama (2007).

⁶ Esta actividade docente foi coordinada por Pere Comellas e Helena González. As traducións publicáronse nun portal web antigo de Estudos Galegos e Portugueses. Está en proceso de edición un volume dixital que ha recoller todos os textos.

⁷ *Abriu: estudos de textualidade do Brasil, Galicia e Portugal* é unha revista científica anual que se publica desde 2012. A súa primeira directora foi Helena González; na actualidade ocupa o cargo M. Xesús Lama. <<https://revistes.ub.edu/index.php/Abriu>>

⁸ Trátase dunha colección non venal bilingüe catalán-galego creada en 2020, baixo dirección de M. Xesús Lama e coeditada con Chan da Pólvora. Publicáronse ata agora dous números dedicados a autores homenaxeados co Día das Letras Galegas con escolmas de Pilar Pallarés, para a poesía Ricardo Carvalho Calero (2020), e Ana Romaní para Xela Arias (2021). Está en preparación o número dedicado a Florencio Delgado Gurriarán. Pódense consultar en acceso aberto no Dipòsit Digital da Universitat de Barcelona.

⁹ As Xornadas *Florencio Delgado Gurriarán, unha memoria no exilio* estaban coorganizadas por Furafolas Agrupación Teatral (liderada por Anxo Baranga), e os Lectorados de Galego da UB e a UAB. Celebráronse na Galería Sargadelos de Barcelona entre xaneiro e abril de 2002 e completáronse con actividades no Centro Galego de Barcelona e o Concello do Barco de Valdeorras.

intensos, porque houbo un tempo en que eramos unha tropa. Desde 1994 pasamos doce lectoras, aínda que tivemos tamén algunhas baixas dolorosas.¹⁰ Non son poucos os atrancos que afectan ás universidades rexidas polos ránquings: a sospeitosa devaluación das humanidades, a precarización laboral, e un aumento preocupante das enfermidades crónicas entre o persoal investigador nos comezos da súa carreira académica. Sabían vostedes que enferman máis elas ca eles? Nesta travesía, onde houbo de todo, contamos coa mellor capitana: Elena Losada coidou de nós e dos estudos de galego e de portugués con xenerosidade extrema, intelixencia estratéxica e a súa sabia retranca.

Ao pouco de chegar a Barcelona tiven a oportunidade de entrar en contacto co Centre Dona i Literatura, dirixido por Marta Segarra, a investigadora máis completa que coñezo.¹¹ Canda especialistas en literaturas diversas, filosofía e historia bebín con sede as teorías de xénero e sexualidade e aí mudou a miña idea dos estudos galegos. Tiven, digamos, un momento Otero Pedrayo, un momento “arredor de *nosoutras*”. Coa teoría feminista como ferramenta e unha chea de interrogantes apreciei a inxente capacidade para abrir espazos e promover voces que tivo o feminismo galego e a vizosa influencia que soubo ter no seu contexto. Non se leven a engano: Galicia non é un paraíso feminista... aínda!, pero había un traballo feito polas redes feministas que non se apreciaba. De aí saíu non só unha tese, senón o meu camiño investigador.

¹⁰ O Lectorado de Galego, financiado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, creouse en 1994, e a través dese convenio exerceron como lectoras: Sabela Labraña, Helena González, M. Xesús Lama, Ignacio Vázquez, Amparo Cereixo, Susana Ferreiro, Carlos Cordeiro, Kristal Veiga, Ana Belén Escourido, M. Dolores Villanueva, Eva Fernández e Antón Blanco. M. Xesús Lama é a actual responsable do lectorado.

¹¹ O Centre Dona i Literatura creouse en 1994, codirixido ao principio por Marta Segarra e Àngels Carabí. Desde 2014 asume a dirección Helena González e, a partir de 2016, intégrase no centro de investigación ADHUC. Marta Segarra apoiou de maneira entusiasta as actividades e publicacións sobre literatura galega desde o Centre Dona i Literatura, como mostran os moitos proxectos de investigación que liderou así como antoloxía de textos *Rías de tinta* (1999) en coedición de Marta Segarra, Helena González e Francesco Ardolino, onde se publicou por primeira vez a tradución ao castelán do poema “Penélope” realizada pola propia Xohana Torres. Tamén na colección *Mujeres y Culturas* se publicou *Canon y subversión*, tradución ao castelán de *Elas e o paraugas totalizador* (2009), de Helena González, e mais unha monografía sobre Rosalía de Castro, coeditada por Helena González e María do Cebreiro Rábade (2012), que recollía capítulos de especialistas de Galicia e Cataluña e serviu de precedente ao Congreso Internacional “Rosalía de Castro no século XXI”, que en 2013 celebrou varias sesións en Barcelona coa intervención do equipo investigador do centro (Rodrigo Andrés, Isabel Clúa, Marta Font, Alba del Pozo). Boa parte da miña traxectoria intelectual se debe ao contacto e diálogo co equipo investigador de ADHUC.

Aprendín tamén o poder da teoría e da paixón nos asuntos exteriores. Cóntolles: unha escritora francesa, Hélène Cixous, le a obra dunha brasileira, Clarice Lispector. Cixous escribe un comentario arrebatador sobre Lispector e convértea nunha autora popular nos círculos feministas; andando o tempo, non demasiado, convértese en clásica das letras brasileiras e icona internacional.¹² Hai alguén por aí que queira facer de Cixous cunha escritora galega?

Aquel centro medrou e agora chámase ADHUC-Centre de Recerca Teoría, Gènere, Sexualitat e teño a sorte de ser a súa directora. ADHUC é un nome paradoxal pero a responsabilidade da directora é clara: termar dun espazo onde as investigadoras e os coñecementos transiten sen cancelas, resolver as rixidas burocracias e acoller estadias de investigadoras.

En ADHUC a investigación sobre literatura e cultura galegas transita entre iguais, sen complexo de periferia. Por iso Xohana Torres e Ana Romaní, entre outras, forman parte da praza común, como Maria-Mercè Marçal. Por certo, que Marçal “escribiu” en galego, pero agora non é o momento...¹³ Marçal le a obra de Rosalía de Castro e rúballe un verso: “Si o mar tivera varandas”.¹⁴ Non ten mal. Roubar un verso dun poema para outro non é delito cando se fai en homenaxe. Colle aquel verso e opera a maxia: o pranto da viúva de vivo convértese nun canto aos arrodos do desexo e o amor lésbico. Traduzo o comezo:

Se o mar tivera varandas
e marcos a volta do ceo
había saber onde procurar-te
e non había de ir, non.

E leo do orixinal en catalán:

Si el mar tingués baranes
I el tomb del cel mollons
prou sabia on cercar-te
mes no hi vindria, no. (Marçal, 1991: 51)

Quen é esta —eu— que recibe honra e aínda pedicha, como se verá? Son o que Pierre Bourdieu (2004: 82), Didier Eribon (2009: 60) e Martine Leibovici (2013)

¹² Refírome a *L'heure de Clarice* (1979), onde Cixous a converte nunha autora de referencia obrigada da *écriture féminine* e, ao tempo, nunha clásica, no ensaio “À la lumière d'une pomme”.

¹³ Como puiden documentar, encargouse da crónica política catalá no xornal *A Nosa Terra* entre 1979 e 1980. Os artigos aparecen recollidos no libro *Contra la inèrcia. Textos polítics 1979-1980* (Comanegra, 2019).

¹⁴ Os versos reescritos son a cantiga popular que se glosa no poema 19 [“Pasa río, pasa río”] de *Cantares gallegos* (Castro, 1995: 218).

denominan *tránsfuga*. Galega en Cataluña e catalá en Galicia. Un cu de mal asento cun pé fóra e outro dentro. Ou como di a teoría francesa, a persoa que pasa dunha comunidade a outra e conserva unha marca de diferenza, non se asimila, queda no *entre-deux* (no entredous).

Quen soubo verlle o potencial a esta posición intermedia é María Xosé Agra, filósofa feminista moi recoñecida fóra e aquí pouco lida. Debémolle a publicación por xunto da súa obra ciscada en libros e revistas. Agra, que se cadra é costureira na intimide, dispuxo a tea e os fíos precisos para que o Consello crease a hemeroteca dixital *A saia: publicacións periódicas feministas e LGTBIQ+* e a coeditase con ADHUC. Desde 2014, con Mariám Marinho, documentalista imprescindible do movemento feminista e LGTBIQ+, levamos dezaoitto cabeceiras publicadas,¹⁵ e aínda as que faltan...

Imos cos desafíos.

Unha película de Margarita Ledo, *A cicatriz branca* (2012), levoume a pensar que a emigración é un trauma constitutivo da sociedade galega. Dixo Xavier Queipo (en Dopico, 2014) que na actualidade a emigración non é tan traumática grazas aos medios de transporte e comunicación. Por iso á actual chámalle *hemigración*, e con iso non de nega nin as tristuras nin a saudade. Se a emigración xa non é o que era, a proxección dos estudos galegos no exterior tamén precisa remuda. Coido que non se pode seguir só co modelo cultural onde os lectorados asumen por completo o labor de “embaixadas culturais”, esquecendo o que teñen de universitarias.

Suxiro que non nos conformemos só coa divulgación da cultura nin só coa oficina de información turística para a difusión da cultura galega. Precisamos cultura galega viva no tecido da cidade para interesar nos estudos que ofrecen os lectorados universitarios. Non deixo de pensar en como o manga transformou a unha xeración que o queren saber todo do Xapón.

Ben sei que non hai receita única, pero os lectorados deberían ser puntos preferentes para acompañar con máis cultura nos lugares de costume dos locais. O recente ano xacobeo veu cun orzamento xeneroso que se afirmaba na fórmula do poder brando cultural.¹⁶ É lexítimo ter como obxectivo o fomento turístico, aínda que se é masivo resulta pouco sostible. En Barcelona esa é unha crítica recorrente. O xacobeo enfocado só ao turismo masivo non alimenta a industria

¹⁵ Ata o ano 2021 publicáronse: *As + perralleiras*, *Abrente*, *Alborada*, *Alborada*. *Órgano de la Mujer Democrática*, *Andaina* (tres xeiras), *Area*, *O Aturuxo*, *Deliberadamente*, *Enboga*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Fluxos*, *Lúa Nova*, *Maria Solinha*, *A Muller e a loita* e *S'homos*.

¹⁶ O concepto de Joseph Nye, *soft power*, é de emprego habitual nos estudos internacionais e foi obxecto de reflexión nunhas xornadas organizadas polo Consello da Cultura Galega e o IGADI en 2012.

cultural galega e teima na imaxe exótica e alleada de Galicia. Do feminismo aprendemos o valor do singular, tamén os perigos da estratexia de todo pola visibilidade. Debería ser unha prioridade promocionar a industria cultural galega no exterior, en cada lugar, conforme os intereses de cada cidade. Os lectorados poden acompañar pero non facer ese labor. Penso tamén que habería que reforzar eses núcleos universitarios, que complementan e poñen en valor o coñecemento novo que se crea nas universidades galegas. A investigación que facemos no exterior, con recursos e financiamento do exterior é para a cultura galega. E cómpre mellorar as condicións do valioso capital humano que se envía ao lectorados. Apoiar as persoas. Ata agora só pensamos na figura do lector, na docencia e na difusión. Hai aínda outras posibilidades por explorar que pasan por apoiar a investigación arriscada nos estudos galegos. Con tanto entusiasmo como discreción a Fundación Privada MIR-PUIG apoia novas investigadoras postdoutorais de ADHUC.¹⁷ Cre no proxecto e nas persoas, e na creación de coñecemento. Esa é unha fórmula que nos cómpre analizar porque temos unha responsabilidade coa xente que formamos. Sei que os asuntos exteriores non se rexen con política de Twitter nin a paixón dunha proclama. Queren vagar e asemblea.

Ben, mellor calo, non sexa que alguén tome o de tráfuga pola lectura popular de traidora e me retiren a medalla agora que xa estou rematando o discurso.

Non é privilexio cativo ter por profesión a paixón polo estudo, mais este é un tránsito que se fai en compañía. Peneiro entre tantas investigadoras que cumpriría mencionar, de Varsovia a Cork, de Bos Aires a Santa Barbara, de Francia ao Brasil e Nova Zelanda, que fan traballo valioso pola cultura galega no exterior ou ofrecen apoio cómplice. Peneiro e digo que esta honra tamén é de Elena Losada, Marta Segarra e María Xesús Lama, cómplices imprescindibles na encrucillada dos estudos galegos cos de xénero e a sexualidade.

E vai dedicada, claro, á tribo de Comesaña, unha parroquia que empeza onde remata o casco urbano de Vigo. Vai para Elena e Mucha, fillas do Paxuriño, e para Jaime, neto da Maturranca. É dicir, vai para o meu pai, a miña madriña, e a miña nai.

Barcelona/Compostela, 25 febreiro 2022

¹⁷ O programa *Llegats oblidats*, desenvolvido con persoal postdoutoral de ADHUC, financia desde 2018 proxectos de investigación sobre Francesc Tosquelles, Clotilde Cerdà Esmeralda Cervantes e Joana Morell, que teñen por investigadoras principais a Joana Masó, À. Lorena Fuster e Georgina Rabassó, respectivamente.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Arias, Xela (2021), *Química de les quimeres/Química das quimeras*, selección de Ana Romani, Maria Isern (trad.), Barcelona, Estudis Gallecs i Portuguesos, Universitat de Barcelona/Chan da Pólvora, col. Lletres gallegues UB/Letras galegas UB, 2. <<http://hdl.handle.net/2445/178808>>
- Bourdieu, Pierre (2004), *Esquisse pour une auto-analyse*, París, Éditions Raisons d'Agir.
- Carvalho Calero, Ricardo (2020), *Conquerir una espurna/Conquistar unha faísca*, selección de Pilar Pallarés, Eduard Velasco (trad.), Barcelona, Estudis Gallecs i Portuguesos, Universitat de Barcelona/Chan da Pólvora, col. Lletres gallegues UB/Letras galegas UB, 2. <<http://hdl.handle.net/2445/178815>>
- Castro, Rosalía de (1995), *Cantares gallegos*, M. Xesús Lama (ed.), Vigo, Galaxia.
- Dopico, Montse (2014), “[Entrevista a Xavier Queipo] A tipoloxía da emigración mudou tanto que o discurso paternalista/maternalista non vale”, *Praza*, 14 novembro. <<https://praza.gal/cultura/la-tipoloxia-da-emigracion-mudou-tanto-que-o-discurso-paternalistamaternalista-xa-non-valer>>
- Eribon, Didier (2009), *Retour à Reims. Une théorie du sujet*, París, Fayard.
- González Fernández, Helena (2009), *Género y nación. La construcción de un espacio literario*, Barcelona, Icaria, col. Mujeres y Culturas.
- González Fernández, Helena e M. Xesús Lama (eds.) (2007), *Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos*, Sada, Edición do Castro.
- González Fernández, Helena e María do Cebreiro Rábade (eds.) (2012), *Canon y subversión. La obra narrativa de Rosalía de Castro*, Barcelona, Icaria, col. Mujeres y Culturas.
- Ledo Andión, Margarita (dir.) (2012), *A cicatriz branca*, Galicia, Nós Productora Cinematográfica Galega.
- Leibovici, Martine (2013), *Autobiographies de transfuges. Karl Philipp Moritz, Richard Wright, Assia Djebar*, París, Le Manuscrit.
- Marçal, Maria-Mercè (1994), *Sal oberta*, Barcelona, Edicions 62. [1982]
- (2019), *Contra la inèrcia. Textos polítics 1979-1980*, Helena González Fernández (ed.), Pere Comellas (trad.), Barcelona, Comanegra.
- Piñeiro, Ramón y Basilio Losada (2009), *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia 1961-1984*, M. Xesús Lama e Helena González Fernández (eds.), Vigo, Galaxia.
- Riquer, Isabel de, Elena Losada e Helena González Fernández (eds.) (2000), *Ensinar a pensar con liberdade e risco. Homenatge a Basilio Losada*, Barcelona, Edicions de la Universitat de Barcelona.

Segarra, Marta, Helena González Fernández, Francesco Ardolino (1999), *Rías de tinta: literatura de mujeres en francés, gallego e italiano. Antología bilingüe*, Barcelona, Edicions de la Universitat de Barcelona.

